

## **CASO PRÁCTICO 1**

**Estamos nunha Escola Infantil de primeiro ciclo de educación infantil de catro unidades: unha de 0 a 1 anos, unha de 1 a 2 anos e dúas de 2 a 3 anos. A titularidade do centro é da Xunta de Galicia, ofrece un horario de 8 a 17 horas e presta un servizo de comedor con cociña propia.**

**Entre outro persoal, o centro conta cunha directora, que é mestra especialista en educación infantil, e cinco técnicas/os en educación infantil a tempo completo.**

**A escola está situada na entrada dunha das grandes cidades galegas, nun barrio de clase media, no que a maior parte da poboación dedícase ao sector servizos e cunha porcentaxe de inmigrantes do 20 por cento.**

**Case o cento por cento das familias usa como primeira lingua o castelán e hai un neno e unha nena, Jean e Marie, nunha das unidades de 2 a 3 anos, cunha lingua diferente do galego e do castelán.**

**Na outra unidade de 2 a 3 anos está Antón, un neno con dificultades de desprazamento, polo que cae con frecuencia.**

**Na unidade de 1 a 2 anos está Andrea, cunha intolerancia ao ovo que lle comporta graves problemas, podendo a súa inxesta mesmo provocarlle a morte, e o simple contacto co alimento unha leve urticaria na pel.**

**No grupo de Antón está tamén Amir, un neno marroquí que é de relixión musulmana.**

**A escola ten como eixo fundamental da súa acción o traballo en equipo, que é quen decide que a programación de actividades siga un enfoque de educación activa e que o principio de integración e non discriminación estea presente no seu modelo de escola.**

**Tamén se programa un período de adaptación que se explica ás familias no momento de confirmarse a admisión das súas fillas ou fillos.**

- 1. A nai de Amir comunica á escola que non se lle dea carne de porco porque a súa relixión non lle permite comela. Como actuarías se foses a educadora ou educador deste grupo?**
  - a) Non dándolle carne de porco por respecto ás súas crenzas e traballando co grupo as diferenzas culturais.
  - b) Ter unha reunión coa familia concienciándoa dos principios de integración cultural, explicándolle que a escola non pode adaptar os menús a cada un/unha dos nenos e nenas, excepto por causas médicas.
  - c) Pedirlle á familia que traia a comida de casa.
  - d) Ningunha é correcta.
  
- 2. Atendendo ao Decreto 329/2005, do 28 de xullo, se traballaras neste centro, con cantas mestras ou mestres especialistas en educación infantil terías que traballar?.**
  - a) Cunha mestra ou mestre máis.
  - b) Con dous ou dúas máis.
  - c) Non é necesario que haxa ningún/unha máis.
  - d) Ningunha é correcta.
  
- 3. Durante o segundo mes de curso María, unha nena de 2 anos de idade que tivo un proceso de adaptación normal, segue sen falar cos adultos e mesmo coas súas compañeiras e compañeiros. O seu pai nos di que, aínda que na casa é moi faladora, é tímida cos descoñecidos e non adoita a falar con eles, que lle dirías á familia?**
  - 1.-Que é moi probable que se trate dunha dificultade para comunicarse nun contorno socialmente pouco familiar e con persoas pouco coñecidas.
  - 2.-Adoita ser unha reacción temporal que normalmente desaparece cunha intervención adecuada por parte do adulto.
  - 3.-Que a esta dificultade denomínaselle mutismo electivo.
  - 4.-Que é un claro atraso da linguaxe.
  - a) Son correctas a 1 e a 2.
  - b) Son correctas a 1, 2 e 3.
  - c) Non é ningunha correcta.
  - d) Son correctas a 1 e a 4.
  
- 4. Segundo os datos que se mostran no enunciado deste suposto, que número máximo de nenos/as podería acoller esta escola?**
  - a) 60 nenas e nenos como máximo.
  - b) 61 nenas e nenos como máximo.
  - c) 59 nenas e nenos como máximo

- d) Ningunha é correcta.
- 5. Como educadora ou educador desta escola e no referido á perspectiva de xénero:**
- 1.-Ao respecto do feminino e do masculino debemos ter en conta que o que non se nomea non existe.
  - 2.-Debo dirixirme co xenérico “nenos” ás criaturas por cuestións admitidas de economía da linguaxe, por exemplo en expresións como “nenos a comer”.
  - 3.-É importante que o Proxecto Educativo faga mención especial ao noso compromiso coa igualdade de xénero.
  - 4.-Neste ciclo de Educación Infantil as nenas e os nenos aínda non son capaces de interiorizar patróns de conduta sexistas e discriminatorios.
- a) Son correctas a 2 e a 3.  
b) Só é correcta a 3.  
c) Son correctas a 1 e a 3.  
d) Son correctas a 2 e a 4.
- 6. No grupo de 2 a 3 anos tes unha nena de 30 meses que en moitas situacións cotiás emprega a man dereita máis que a esquerda, aínda que no comedor colle case sempre a culler e o garfo con esta última. A nai comenta que lle obriga a comer coa man que máis utiliza habitualmente. Ti que lle explicarías a esta nai?**
- a) Que isto entra en contradición coa organización do seu cerebro.  
b) Que con esa idade está en proceso de definir a súa lateralidade e o idóneo é axudarlle a consolidar este proceso da maneira que ela o fai.  
c) Non inflúe negativamente no desenvolvemento do seu cerebro.  
d) Desestabiliza por completo a organización do seu cerebro.
- 7. Se foras a/o titora/or da unidade de 0 a 1 anos, segundo a normativa vixente para as escolas 0-3, establecerías:**
- a) Unha reunión anual mínimo.  
b) Unha reunión semestral mínimo.  
c) Tres reunións anuais como mínimo.  
d) Un mínimo dunha reunión trimestral.
- 8. Como titora/or da unidade de 1 a 2 anos desta escola, na que hai matriculados 11 nenas e nenos, poderíase admitir unha nena con 29 meses de idade?**
- a) Non, en ningún caso, xa que con esa idade sería do grupo de 2-3 anos.  
b) Si, tratándose dunha integración cunha idade mental correspondente ao grupo de 1 a 2 anos, e avalada polo informe de atención temperá.

- c) Aínda tratándose dunha integración con idade mental de 1 a 2 anos, habería que situala no seu grupo por idade cronolóxica, realizando a correspondente adaptación curricular a efectos que acade os obxectivos do grupo.
- d) Non porque ocuparía dúas prazas e non se deixaría ningunha praza de reserva para casos de urxencia.

**9. Para o proceso de adaptación ao inicio de curso, se estiveses no grupo que está matriculado Antón:**

- a) A avaliación inicial de cada nena e cada neno non é trascendente xa que o proceso de adaptación debe ser planificado polo Centro e para todos os grupos da mesma forma.
- b) Só será necesaria realizar unha avaliación inicial de Antón debido ás dificultades motoras que presenta.
- c) A avaliación nunca está asociada ao proceso de adaptación senón ás capacidades adquiridas polas nenas e os nenos.
- d) É necesario facer unha avaliación inicial de cada nena e cada neno do grupo.

**10. Se nesta escola atópaste cunha programación na que aparezan referidos os seguintes contidos respecto do Corpo:**

- 1.-Diferenciación das características e calidades persoais.**
- 2.-Manifestación, regulación e control progresivo das necesidades básicas.**

**Estariamos a falar de:**

- a) Contidos procedimentais .
- b) Contidos conceptuais.
- c) Contidos actitudinais.
- d) Contidos referentes a normas e valores.

**11. O momento do comedor propicia gran cantidade de adquisicións: hábitos, destrezas, actitudes... Algunhas delas son:**

- 1.-Sensoriais.**
- 2.-Motrices.**
- 3.-Lingüísticas.**
- 4.-Nocionais: de adquisición de conceptos.**

- a) Son correctas a 1, 2 e 3.
- b) Son todas correctas.
- c) Son correctas a 1, a 3 e a 4.
- d) Son correctas a 1 e a 3.

**12. Se foras a titora dunha das unidades de 2 a 3 anos e estiveras a traballar a expresión musical e:**

**1.-Dislle aos nenos e ás nenas que chamen a alguén forte e despois suave: estás a traballar o son-silencio.**

**2.-Sae un monicreque con voz suave e logo con voz aguda: estás a traballar a altura.**

**3.-Tocas palmas, paras e moves os dedos das mans: estás a traballar o son-silencio.**

- a) Ningunha das opcións é correcta.
- b) Todas as opcións son correctas.
- c) Son correctas a 1 e a 2.
- d) Son correctas a 2 e a 3.

**13. Se un pai que trae á súa filla á escola e na porta ve un cartel que fala de coeducación e pregúntache que significa, que lle responderías?**

- a) Que é unha intervención educativa que permite o desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertencen.
- b) Que é a intervención educativa que debe promover a escola para o traballo conxunto coa familia.
- c) Que é o conxunto de medios que debe poñer a escola para o fomento das relacións con outros servizos do contorno, como centros de saúde, servizos sociais..., co fin de realizar accións conxuntas en casos necesarios.
- d) Que é o conxunto de accións que se deben promover na escola para favorecer o traballo en equipo dos/as profesionais que a conforman.

**14. Vas contar un conto no grupo de 1 a 2 anos, por tanto e co fin de manter o interese, buscarás textos que tiveran características como que :**

**1.-Usen frases repetitivas que poidan ser identificadas con facilidade.**

**2.-Usen modelos imprevisibles para que capten máis a súa atención.**

**3.-Os contos crezan e decrezan a partir dos mesmos elementos.**

**4.-Conteñan cancións e textos rimados que fagan máis recoñecible o texto.**

- a) Son correctas a 1, a 3 e a 4.
- b) Todas son correctas.
- c) Son correctas a 1, a 2 e a 4.
- d) Son correctas a 1, a 2 e a 3.

**15. Como titora/or do grupo de 1 a 2 anos en situacións relacionadas coa hixiene non queres que se produza unha ruptura das nenas e os nenos na relación contigo, evitando ordes autoritarias que non respecten os seus sentimentos. Para que isto non suceda procurarás:**

**1.-Valorar cada esforzo logrado por cada nena e cada neno no seu aseo.**

**2.-Respectar o ritmo que a criatura desexe.**

**3.-Facerlle ver dun modo individualizado que a hixiene é unha batalla perdida para ela ou para el, xa que es ti quen debe marcar os momentos e o modo de facelo.**

**4.-Darlle a sensación á nena ou ao neno de que a/o cremos moi capaz de chegar a lavarse e a limparse ela ou el soa ou só.**

- a) Son correctas a 1, 2 e 4.
- b) Son correctas 1, 3 e 4.
- c) Son correctas todas.
- d) Son correctas 1, 2 e 3.

**16. Se nunha reunión do equipo educativo propoñese a busca dun ambiente onde as criaturas sexan felices, onde todo estea adaptado ao seu grao de desenvolvemento; unha escola na que o espazo se adapte as súas características, construíndo unha verdadeira casa para as nenas e os nenos, onde elas e eles se sintan responsables dese espazo e os seus obxectos, mediante exercicios da vida práctica, o xustificaría en base ás aportacións de:**

- a) Montessori.
- b) Piaget.
- c) Brofenbrenner.
- d) Brunner

**17. Cara mediados do curso, na unidade de 2-3 da que es titora/or, atópaste cunha nena que tartamudea. A súa familia está moi preocupada e comenta a posibilidade de levala a un especialista. Como titora/or desta nena, cal das seguintes repostas lle darías?**

- a) Darlle a razón e que acudan a un especialista a fin de que tamén nos marque as pautas a seguir na escola.
- b) Que xa ti propoñerás na aula actividades específicas que corruxirán a disfemia.
- c) Que se trata dunha tensión propia da linguaxe dos/as nenos/as de 2 a 5 anos que sole desaparecer espontaneamente.
- d) Que pode tratarse dun trastorno da linguaxe de orixe cerebral que provoca unha dificultade ou incapacidade para unha correcta linguaxe falada.

**18. No caso de Andrea, dirémoslle á familia:**

- a) Que atendendo á Orde do 26 de febreiro que desenvolve o Decreto 329, e que regula os comedores das escolas infantís dependentes da Vicepresidencia, na que se preserva a seguridade dos/as menores en casos de especial risco , esta nena non pode comer na escola.
- b) Non se lle dará ningún alimento que conteña ovo e se establecerán todos os protocolos de seguridade para que non os inxira nin teña contacto con eles, traballando ademais co grupo a diferente alimentación desta nena e o risco que comporta para a súa saúde.
- c) Buscarase unha solución individual e se daráselle de comer antes ou despois de que remate o seu grupo, polo grave risco que comporta.
- d) Os pais deben traer a comida de casa xa que hai infinidade de alimentos que teñen trazas de ovo.

**19. Neste grupo de 2 a 3 anos, e xa cara finais do curso, atópaste cun grupo de 10 nenos/as que realizan un ou varios procesos de simplificación ou omisións. Que deberías facer?**

- a) Debería reformularme a programación para futuros cursos e tratar de establecer criterios coas familias ata que remate o curso.
- b) Deberías solicitar da Dirección un/unha especialista en logopedia.
- c) Non debería facer nada especial xa que o considero totalmente normal.
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

**20. Se estiveras traballando as cores cun grupo de nenos e nenas de 1 a 2 anos, sinala a opción correcta:**

- a) Debes dar ás/aos nenas/os pautas ben ordenadas e ben concretas.
- b) É moi importante facer corresponder as cores dos debuxos coas cores reais para que se dea nos/as alumnos/as un correcto proceso de aprendizaxe.
- c) Debes dar liberdade no uso das cores.
- d) Na aula de 1 a 2 anos non traballarías as cores.

**21. Se na escola que se presenta no enunciado, o director diche que esta organización aporta vantaxes de tipo psicopedagóxico, como educar na colectividade e na interacción, favorecer o enriquecemento intergrupalo, favorecer o desenvolvemento potencial ou fomentar o hábito na orde e en actitudes investigadoras, entre outras, estaríamos falando dunha organización do centro:**

- a) De compartimentos estancos.
- b) Por obradoiros integrais.
- c) Por recantos de actividade.
- d) Organización aleatoria.

- 22. Se propoñes un xogo de “colo” para o grupo de 0-1 anos, que estarías a traballar? Sinala a opción correcta:**
- a) O ritmo.
  - b) O inicio no coñecemento das partes do corpo.
  - c) A linguaxe.
  - d) Todas son correctas.
- 23. Se tiveras que facer unha distribución espacial dunha aula de 2-3 anos, que non sería idóneo?**
- a) Contemplan a dicotomía xogo-traballo en relación coas aprendizaxes xa que están nunha idade propicia para facer esta diferenciación.
  - b) Favorecer a integración da diversidade.
  - c) Os límites entre unha zona e outra deben estar máis ou menos definidos.
  - d) Potenciar a aprendizaxe activa e por descubrimento.
- 24. Cando traballas a estimulación motora dos nenos e das nenas de 12 a 18 meses, un dos obxectivos que te formulas por ser propio deste grupo de idade, será:**
- a) Afianzar e potenciar os desprazamentos variando os puntos de apoio.
  - b) Estimular e favorecer a sedestación sen apoio.
  - c) Fortalecer o ton das extremidades inferiores.
  - d) Favorecer o desenvolvemento da tonicidade do tronco.
- 25. Traballando a expresión plástica cos nenos e nenas de 2 a 3 anos, observas que existen diferencias entre os garabatos que realizan uns/unhas e outros/as alumnos/as da clase. Seguindo a Lowenfeld, sinala das seguintes secuencias cal se corresponde coa evolución das primeiras etapas da expresión gráfica:**
- a) Garabatos circulares, garabatos de vaivén ou varrido, garabatos de bucle.
  - b) Garabatos de vaivén ou varrido, garabatos circulares, garabatos de bucle.
  - c) Garabatos de bucle, garabatos de vaivén ou varrido, garabatos circulares.
  - d) Garabatos de vaivén, garabatos de bucle, garabatos de varrido.

- 26. No grupo de 2-3 anos está Lucía, unha nena moi inqueda á que lle custa manter a atención e centrarse en calquera actividade. Como educadora/or de Lucía, que actividades propias para traballar e potenciar a atención desta nena?**
- a) Lotos sonoros: sentada ao seu lado pedíndolle que sinale a foto ou debuxo que corresponda co son que se escoita na gravación.
  - b) Contos onomatopéicos: léndolle o conto e imitando todos os sons das personaxes ou obxectos (gato, can, cabalo, teléfono, etc) para que Lucía os repita.
  - c) Bloques lóxicos: dándolle unha caixa que contén figuras xeométricas de distintas cores, formas, tamaños e grosor.
  - d) Todas as actividades relacionadas servirán para potenciar a atención de Lucía.
- 27. Cando para o grupo de 2-3 anos deseñas unha actividade consistente en situar ao alumnado nun extremo da aula e acompañando a acción coa palabra das consignas do tipo de “andamos por toda a sala”, “imos correndo por toda a sala”, “camiñamos cos brazos estendidos cara adiante por toda a sala”, con que tipo de actividades se corresponderían?:**
- a) Actividades para traballar a construción do espazo.
  - b) Actividades para traballar o control respiratorio.
  - c) Actividades para traballar o control postural.
  - d) Actividades para traballar o control muscular.
- 28. Se estando na hora do comedor, Pablo, un dos teus alumnos, nun arrebatado de ira tira o prato de sopa quente sobre Carme, a súa compañeira de mesa, provocándolle enrojecemento da man e un choro desconsolado; cal cres que debería ser a túa reacción inmediata?**
- a) Berrarlle a Pablo polo que fixo.
  - b) Levar a Carme a lavar a man con auga fría.
  - c) Consolar a Carme dicíndolle que non pasou nada.
  - d) Poñer outro prato de sopa para quitarlle importancia ao sucedido.
- 29. O “principio de independencia” que se che recoñece no exercicio da túa profesión como educadora/or infantil, fai referencia:**
- a) Ao exercicio da túa profesión a partires dunha autonomía profesional e organizativa.
  - b) Ao exercicio da túa profesión de maneira individual.
  - c) Ao exercicio da túa profesión a partires dunha autonomía profesional pero non organizativa.
  - d) “a” e “b” son verdadeiras.

- 30. Na túa clase utilizas moito o conto como recurso xa que che parece que abre as portas á fantasía e á imaxinación dos teus alumnos e alumnas. Para a clase de hoxe elixiches o conto de “Brancaneves e os sete ananiños”, cres que antes de contalo debes facer algo con el?**
- a) Non, porque se trata dun conto tradicional inofensivo para os nenos e as nenas.
  - b) Si, debo ensaialo para darlle unha boa entoación e facelo así máis crible.
  - c) Debo analizalo identificando os roles de xénero dos personaxes e os valores asociados a estes e traballalo facéndoo educativo.
  - d) Eu non debo transformalo xa que se se comercializa así para nenos/as de curta idade é porque cumpren os requisitos para eles/as.

## **CASO PRÁCTICO 2**

**A escola na que vas desenvolver o teu posto de traballo como educador/a infantil, está situada nun pequeno concello do interior de Galicia. A súa titularidade é pública, correspondéndolle a mesma á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.**

**Un dos trazos máis característicos da poboación é a súa dispersión xeográfica en pequenos núcleos, algúns deles afastados do Concello.**

**O centro, que atende a nenos/as de cero a tres anos, dispón de tres unidades.**

**No presente curso escolar a demanda foi escasa, contando con 6 nenas/os de 0-1 ano, 10 menores na unidade 1-2 anos e 18 na de 2-3 anos; destes son de novo ingreso 5 na unidade de 1-2 anos e 6 na unidade 2-3 anos.**

**O persoal da escola, que este ano viuse incrementado pola incorporación dun Técnico/a especialista en xardín de infancia, está formado polo director, mestre especialista en educación infantil, 4 educadoras, 1 educador e o persoal de servizos.**

**A lingua predominante do alumnado é o galego, coa excepción de catro menores. Tres deles/as teñen como lingua materna o castelán. E unha cuarta nena, Sarai, cuxa demanda de escolarización foi motivada polos servizos sociais, é de etnia xitana.**

**Ao inicio do curso, só un dos nenos, Pedro integrado na unidade 2-3 anos, presenta un leve retraso psicomotor.**

**Neste grupo atópase, tamén, Uxía que vive nun pequeno rueiro afastado do núcleo urbano. Os seus pais deciden escolarizala co fin de facilitar a súa relación con outros nenos e nenas pois está permanentemente rodeada de persoas maiores, ademais de ser filla única. A súa adaptación está a ser moi difícil, polo que aconsellas a súa nai que lle permita traer algún obxecto persoal da casa que lle dea seguridade.**

**No mes de decembro, a familia de María, de 13 meses de idade e diagnosticada de Síndrome de Down, presenta a solicitude de admisión**

**no centro. O informe emitido polo Equipo de Atención Temperá indica que o seu desenvolvemento evolutivo non é acorde a súa idade, tanto a nivel sensorio-motriz como da linguaxe.**

**31. Como educador/a deste centro participarás na elaboración e seguimento de:**

- a) O Proxecto educativo de centro.
- b) Os aspectos básicos do currículo.
- c) A proposta pedagóxica baixo a supervisión do director do centro .
- d) “a“ e “c“ son correctas.

**32. A demanda actual e a nova composición do equipo educativo motivou a necesidade de elaborar un novo documento do Regulamento de réxime interno que será competencia de:**

- a) O director.
- b) O persoal de atención directa aos nenos e ás nenas.
- c) O equipo técnico.
- d) Todo o persoal do centro.

**33. Respecto do proceso de adaptación dos nenos/as de nova incorporación, no protocolo de actuación o equipo técnico tivo en conta:**

- a) Permitir a presenza de nais ou pais na aula.
- b) Facilitar a flexibilidade horaria nos primeiros días.
- c) Procurar a atención individualizada pero non exclusiva .
- d) Todas as opcións anteriores.

**34. Tendo en conta as características sociolingüísticas da nosa escola, a planificación lingüística garantirá:**

- a) Que o profesorado usará a lingua predominante entre o alumnado.
- b) Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual manteña a súa competencia e o seu uso habitual, acadando progresivamente unha boa competencia en castelán.
- c) Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de xeito que se favorezan os contextos en que se exprese nel.
- d) Todas as opcións anteriores

- 35. No protocolo da entrevista inicial coas familias do grupo 0-1 ano ademais dos datos de identificación, saúde, historia familiar, sono e alimentación, deberían incluírse tamén os que fan referencia a:**
- a) Hábitos e gustos.
  - b) Desenvolvemento evolutivo.
  - c) O descrito na opción “a” e “b”.
  - d) Ningún deles.
- 36. En canto á planificación dos menús para o grupo 0-1 ano, como norma xeral, a partir de que idade é aconsellable introducir alimentos que conteñan cereais con glute?**
- a) 4 meses.
  - b) 8 meses.
  - c) 10 meses.
  - d) 12 meses.
- 37. En canto á organización dos espazos e tempos recollida na proposta pedagóxica, terase en conta:**
- a) As diferentes idades e ritmos de desenvolvemento .
  - b) Os intereses e motivacións dos diferentes grupos.
  - c) A posibilidade de traballar temas transversais.
  - d) Todas as opcións descritas anteriormente.
- 38. Na proposta diaria de actividades, o xogo ten un carácter fundamental pois facilita o desenvolvemento de:**
- a) Habilidades físicas e a linguaxe.
  - b) Destrezas sociais.
  - c) A intelixencia racional e emocional.
  - d) Todo o descrito nas opcións anteriores.
- 39. As actividades propostas para o grupo de 1-2 anos deberán:**
- a) Ser novidosas e chamativas para captar a súa atención.
  - b) Ter un alto grao de actividade para que non se aburran.
  - c) Propiciar a obediencia ao educador ou educadora.
  - d) Ter en conta todo o recollido anteriormente.
- 40. Para unha correcta adquisición de hábitos de hixiene e autonomía persoal, como titor/a deberás:**
- a) Facer un plan de traballo.
  - b) Seguir ritmos cotiás para automatizar a súa interiorización.

- c) Realizar ambas cousas.
- d) Ningunha delas.

**41. Como titor/a da unidade 0-1, indica a opción que consideras correcta en canto aos materiais recomendables para promover a estimulación motora:**

- a) Axóuxeres, bonecas/os atractivas/os e fáciles de agarrar, pelotas de trapo.
- b) Xoguetes de arrastre, pelotas de psicomotricidade de 70 cm.
- c) Alfombra de estimulación, un espello e unha barra para agarrarse.
- d) Todos os sinalados nas opcións anteriores.

**42. Cal destas actividades favorece a adquisición da sedestación?:**

- a) Sentar á nena ou neno cada vez con menos apoios, colocándolle cerca obxectos que caiban nas súas mans e chamen a súa atención.
- b) Sentar á nena ou neno sobre unha pelota grande e balanceala/lo.
- c) “a” e “b” son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

**43. Como titor/a do grupo de 2-3 anos elaboraches unha guía de observación individualizada para os primeiros días na que recollerás observacións sobre:**

- A chegada e a saída do/a neno/a
- A súa relación contigo e os outros/as menores
- As rutinas diarias
- O xogo

**Indica que outros criterios completaría esta guía.**

- a) A súa relación cos materiais e o espazo.
- b) O control de esfínteres.
- c) Os descritos na opción “a” e “b”.
- d) Ningún deles.

**44. Que tipo de actividade estamos a realizar cando no grupo de 2-3 damos as seguintes consignas: “camiñamos facendo que se oían as nosas pisadas”, “camiñamos sen facer ruído”, “ seguimos o ritmo da música dando palmadas coas mans”:**

- a) Actividades relativas á construción do espazo.
- b) Actividades relativas á estruturación temporal.
- c) Actividades relativas ao ton muscular.
- d) Actividades relativas ao control postural.

**45. Segundo o descrito anteriormente, en canto á demanda de escolarización de María, o máis aconsellable sería a súa integración:**

- a) No grupo 0-1.
- b) No grupo 1-2.
- c) A tempo parcial en función das actividades propostas para cada unha das áreas de aprendizaxe nun ou outro grupo.
- d) Nun centro de educación especial por dispoñer dos recursos materiais e humanos necesarios.

**46. En todo caso, independentemente da súa modalidade de escolarización, tendo en conta que María presenta un déficit no seu desenvolvemento neuromuscular, deberíamos propoñernos obxectivos que reforcen:**

- a) A tonicidade dos músculos.
- b) O control postural.
- c) Os movementos coordinados na locomoción a na prensión.
- d) Todo o recollido nas opcións anteriores.

**47. Cal das seguintes opcións podería incluírse na proposta de actividades a realizar con María:**

- e) O/a educador/a acciona un xoguete móbil, unha pelota ou un globo, que previamente impulsou, incitándoa a ir detrás del.
- f) O/a educador/a, sentado/a fronte a ela, fai pompas de xabón animándoa a perseguilas e alcanzalas coa man.
- g) Sentado/a fronte á nena colocaremos unha cesta con pelotas de espuma, lanzándoas fora, animándoa a que nos imite.
- h) Todas as descritas anteriormente.

**48. Tanto para Pedro como para María que presentan necesidades educativas especiais débese ter en conta, de xeito xeral, a necesidade de:**

- Aumentar a súa capacidade de comunicación e interacción social.
- Adquirir hábitos de autonomía persoal.
- Reforzar a súa capacidade de atención.
- Promover todo o recollido nas opcións anteriores.

**49. Habitualmente, observamos en Sarai falta de hixiene, cansazo e necesidades médicas non atendidas, que poderían ser un indicador de:**

- a) Maltrato físico.
- b) Maltrato emocional.
- c) Abandono físico.

- d) Abandono emocional.
- 50. Así mesmo, Sarai, con frecuencia amosa baixa resistencia á frustración, dificultades para canalizar a súa agresividade e reaccións impulsivas. Trazos todos eles que :**
- a) Son característicos de nenos/as criados en familias pertencentes a grupos de exclusión social.
  - b) Son habituais que os presente un neno/a destas idades .
  - c) Son característicos do descrito na opción “a” e “b”.
  - d) Non se observan nos nenos/as das escolas infantil de primeiro ciclo.
- 51. Como se chama o obxecto que trae Uxía da casa facilitándolle a súa adaptación á escola?**
- a) Obxecto transicional.
  - b) Figura de apego.
  - c) Obxecto persoal.
  - d) Ningunha é certa.
- 52. A nai de Antón, de 2 anos de idade, preséntanos un informe médico no que se recolle que o neno presenta episodios de parasomnias. Cal destas manifestacións poderíamos observar?**
- a) Fala durante o sono.
  - b) É somnábulo.
  - c) Esperta con sensación de pánico, suoroso e taquicárdico.
  - d) Calquera das manifestacións descritas.
- 53. Se un neno ou nena mostra unha pequena ferida:**
- a) Lavarémola con auga e, se sangra, poñerémolle un apósito esterilizado ata que pare.
  - b) Desinfectarémola cun antiséptico.
  - c) Acudiremos ao centro de saúde máis próximo.
  - d) Ninguna é correcta.
- 54. Estás planificando e propoñendo xogos para o alumnado da túa aula e observas certas diferenzas entre as preferencias e maneira de xogar dos nenos e das nenas. Por iso pensas en:**
- a) Enfocar os xogos segundo o sexo do alumnado para adaptalos mellor aos seus gustos e preferencias.
  - b) Involucrar a nenas e nenos no mesmo tipo de xogos para potenciar neles e nelas a tranquilidade, a emotividade, a sensibilidade, a independencia, a competencia, a creatividade, a autoestima.

- c) Diseñar xogos que potencien nas nenas a tranquilidade, a emotividade, a concentración.
- d) Diseñar xogos que potencien nos nenos a competencia, a creatividade, a cooperación.

**55. Se ao longo do curso, a un dos alumnos do grupo de 1-2 anos, se lle diagnostica de “afasia”, quere dicir que:**

- a) Ten unha alteración na articulación dos fonemas causada por unha malformación nos órganos da fala.
- b) Ten unha alteración no ritmo da fala e da comunicación caracterizada por unha serie de repeticións ou bloqueos espasmódicos.
- c) Ten unha alteración por un funcionamento incorrecto dos órganos articulatorios sen que exista etioloxía orgánica algunha.
- d) Ten un trastorno de orixe cerebral no que existe unha dificultade para a linguaxe sen que haxa lesións nas vías auditivas nin motoras da fonación.

**56. Este ano queres organizar e distribuír a túa aula por recantos de actividade xa que consideras que favorecerá a autonomía dos teus alumnos e alumnas. Das seguintes alternativas sinala a que máis se axusta para o grupo de 2-3 anos:**

- a) Recanto do descanso, recanto do espello, recanto do xogo libre, recanto da comida.
- b) Recanto do descanso, recanto da casiña, recanto do espello, recanto da auga, recanto do xogo libre.
- c) Recanto do descanso, recanto do xogo simbólico, recanto de xogos motores e construcións, recanto de manipulación e plástica.
- d) Recanto do descanso, recanto da casiño, recanto do xogo simbólico, recanto do xogo libre.

**57. Na planificación do vindeiro curso, o equipo educativo da túa escola está a debater sobre a mellor alternativa para a organización e distribución das unidades de 1-2 e 2-3 anos. Algúns/unhas dos teus/túas compañeiros/as apostan por unha distribución por “recantos” mentres que outras/os defenden unha organización por “obradoiros”. Sinala das seguintes, cales son as características dos obradoiros na educación infantil:**

- 1.- Nos obradoiros a acción dos nenos e das nenas é máis libre e autónoma**
- 2.- Nos obradoiros as actividades que se presentan están máis sistematizadas e dirixidas polo educador ou educadora.**
- 3.- Unha organización por obradoiros favorece as creacións dos nenos e nenas, estimulando a creatividade e suscitando a súa curiosidade.**

**4.- Unha distribución por obradoiros esperta nos nenos e nenas a necesidade de orden, require actitudes de cooperación e necesita do cumprimento de determinadas normas.**

- a) Son correctas a 1, 2 e 3.
- b) Son correctas a 2, 3 e 4.
- c) Son correctas a 2 e a 3.
- d) Todas son correctas.

**58. Dos seguintes bloques de materiais, sinala os específicos para traballar o desenvolvemento lóxico:**

- a) Aros, triciclos, balancíns, pelotas, cordas.
- b) Lotos, imaxes, murais, instrumentos musicais, disfraces, teatro guiñol.
- c) Obxectos de distintos tamaños, gamas de cores, corpos xeométricos, medidas de peso e capacidade.
- d) Materiais de construción: puzzles, barro, plástico, pasta de madeira.

**59. Como educadora/or, que estratexias utilizarías para reforzar positivamente unha conducta non agresiva no alumnado da túa escola?**

- a) Facer un listado con aquelas recompensas que poidan ser importantes para o alumnado.
- b) Contemplar acordos que fagas co alumnado, sobre a conducta que queiras cambiar.
- c) Non reforzar nunca unha conducta que estás intentando facer desaparecer.
- d) Todas estas técnicas son correctas.

**60. Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación aos mecanismos necesarios para facilitar o proceso lóxico-matemático?**

- a) A manipulación é o mellor camiño que utiliza o/a neno/a para o coñecemento do mundo que lle rodea: coller, palpar, chupar.
- b) O coñecemento lóxico-matemático consiste nas relacións que se establecen entre os obxectos: clasificar pola cor, polo tamaño...
- c) A clasificación permítelle á/ao nena/o organizar a realidade circundante: pode ordenar os obxectos segundo o seu parecido e diferenciarlos e recoñecerlos como similares.
- d) Todas son correctas.